



CONCELLO
DE
MALPICA DE BERGANTIÑOS
(A CORUÑA)

Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ANUNCIO

NOMEAMENTO COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO E TENENTE DE ALCALDE DO CONCELLEIRO, SR. MATO GARRIDO, E ESTABLECEMENTO DA CORRESPONDENTE ORDE DE NOMEAMENTO DAS TENENCIAS DE ALCALDÍA, MANDATO 2023-2027

En cumprimento do preceptuado polos arts. 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, polo presente faise pública a Resolución da Alcaldía 490/2024, do 30 de setembro de 2024, pola que se procede ao nomeamento como membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños ao Sr. Concelleiro, D. Rodrigo Mato Garrido e se establece o correspondente orde de nomeamento das tenencias de alcaldía, sendo esta do seguinte tenor literal:

“RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO: NOMEAMENTO COMO MEMBRO DA XUNTA DE GOBERNO E TENENTE DE ALCALDE DO CONCELLEIRO, SR. MATO GARRIDO, E ESTABLECEMENTO DA CORRESPONDENTE ORDE DE NOMEAMENTO DAS TENENCIAS DE ALCALDÍA, MANDATO 2023-2027

EXPEDIENTE: 2024/X999/000270

Tras a perda da condición de membro da Xunta de Goberno Local, e en consecuencia da condición de 1º Tenente de Alcalde, do Concelleiro, Sr. Cañizo Garrido, considérase que resulta necesario e conveniente proceder ao nomeamento dun novo membro da Xunta de Goberno Local e dun novo Tenente de Alcalde, establecéndose, ademais, a correspondente orde de nomeamento en relación as tenencias de alcaldía, modificándose, así, en parte a Resolución da Alcaldía núm. 398/2023, do 03/07/2023.

Vistos, pois, os arts. 20, 21 e 23 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local; os arts. 59, 61, 62 e 65 seguintes da Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia e os arts. 35, 41, 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

RESOLVO:

Primeiro: Nomear membro da Xunta de Goberno Local do Concello de Malpica de Bergantiños ao Sr. Concelleiro, D. Rodrigo Mato Garrido.

Así, a Xunta de Goberno Local estará/quedarán integrada por este Alcalde, que exercerá a Presidencia, e os/as Sres./Sras. Concelleiros/as: D. Miguel Ángel Fernández Mirás; Dª. Noelia Freijeiro Novo; Dª. María Soledad Blanco Gorín e D. Rodrigo Mato Garrido.

Segundo: Nomear Tenente de Alcalde do Concello de Malpica de Bergantiños ao Sr. Concelleiro, D. Rodrigo Mato Garrido, membro da Xunta de Goberno Local, establecéndose a seguinte orde de nomeamento das tenencias de alcaldía:

Primeiro Tenente de Alcalde: D. Miguel Ángel Fernández Mirás.

Segunda Tenente de Alcalde: Dª. Noelia Freijeiro Novo.

Terceira Tenente de Alcalde: Dª. María Soledad Blanco Gorín.

Cuarto Tenente de Alcalde: D. Rodrigo Mato Garrido.

Documento asinado electronicamente, pódese validar a sinatura co código indicado na marxe no <https://sede.malpicadebergantinos.es> (O Código de Verificación garante, mediante o cotexo na sede electrónica municipal, a integridade do documento, artigo 27.3. c) da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas).



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

Terceiro: De conformidade co previsto nos arts. 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais notificar a presente aos/as Sres./Sras. Concelleiros/as nomeados/as e/ou afectados/as (orde de nomeamento tenencias alcaldía), surtindo efectos a mesma desde o día seguinte a súa firma, previa aceptación dos/das nomeados/as, e con independencia da data de publicación no Boletín Oficial da Provincia.

A referida aceptación poderá ser expresa, consignándoa así no duplicado da notificación, ou tácita se no termo de tres días hábiles non manifesta o contrario ante a Alcaldía.

Cuarto: Proceder, de conformidade cos arts. 46 e 52 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e co art. 6 da Lei 19/2013, do 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, á publicación da presente no Boletín Oficial da Provincia, no taboleiro de anuncios do Concello e no portal transparencia, dando conta da mesma ao Pleno do Concello na primeira sesión que se celebre.

En Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente polo Sr. alcalde, Eduardo J. Parga Veiga, ante min, a secretaria, Mª Loreto López Fernández, que asino aos únicos efectos de fe pública (artigo 3.2 do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo)".

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente

O alcalde,

Asd.: Eduardo J. Parga Veiga